



Concello de Ortigueira

CONCELLO DE ORTIGUEIRA

BANDO

PERÍDO DE COBRANZA VOLUNTARIA DA TAXA REGULADORA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (LIXO) CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2019

Juan Penabad Muras, Alcalde do Concello de Ortigueira, informo aos veciños e veciñas da publicación do padrón da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos (lixo) correspondente ao 4ª trimestre do ano 2019 no BOP nº 10, do 16.01.2020 nos seguintes termos:

*“Por resolución da Alcaldía número 2020-0015 deste Concello, foi aprobado o **PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES DE TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DO LIXO CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2019***

De acordo co establecido no art. 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto 939/05, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento dos interesados que nas oficinas municipais deste Concello, e durante o período de quince días hábiles, a contar a partir do seguinte día hábil ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, estará exposto ao público o censo completo do imposto.

Contra a aprobación das liquidacións que nel se inclúen, os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos:

1. Conforme ao disposto no artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados só poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

2. Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

I

gualmente advírtese que tamén poderán utilizar calquera outro recurso que estimen pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Cod. Validación: 7RDDPH7XQNF5E4AG5QSD9JLR | Corrección: <https://ortigueira.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Ortigueira

DOUS MESES, contados desde a presente publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.”

Polo antedito, **o prazo voluntario de pago da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao 4ª trimestre do ano 2019 abrangue do 17 de xaneiro ata o 17 de marzo deste ano 2020, ambos inclusive.**

O que se fai público para xeral coñecemento en .Ortigueira na data indicada na marxelateral deste documento.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Cod. Validación: 7RDDPH7XQNF5E4AG5Q5JD9JLR | Corrección: <https://ortigueira.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2